



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Urbanismo

Aprobación definitiva do expediente 2024/PLANEAM/000001 - FG N° 728

ANUNCIO

Aprobación definitiva do expediente 2024/PLANEAM/000001 - FG N° 728

Mediante acordo do Pleno do 30 de outubro de 2025, aprobouse provisionalmente a MODIFICACIÓN PUNTUAL N° 15 DO PXOM: CLASIFICACIÓN COMO SOLO URBANO DAS PARCELAS 5153901NJ5055S e 5153902NH5055S SITUADAS EN DEXO (Documento NRE 2025020956, do 29 de setembro).

Con data 10 de marzo de 2026, a Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de conformidade co disposto nos artigos 60, 61.1, 83.6 da Lei do Solo de Galicia e nos artigos 146.1 e 200.5 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, aprobou definitivamente a modificación puntual.

Non se achega normativa urbanística xa que a modificación non afecta ás determinacións do PXOM e mantense este en vigor.

O que se fai público para a súa executividade e indícase que contra a aprobación definitiva da modificación puntual poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses contado desde o día seguinte ao da súa publicación (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

Oleiros, 11 de marzo de 2026

Alcalde-Presidente

Ángel García Seoane

2026/1522